



# CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: [www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

## CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE MUXIA E A FUNDACIÓN GONZALO LÓPEZ ABENTE

En Muxía, a data da sinatura electrónica.

### REÚNENSE

Dunha parte, D. Javier Sar Romero, maior de idade con DNI 32798195B en calidade de Alcalde do Concello de Muxía, que actúa na representación deste que legalmente lle corresponde, e doutra parte Xoán Xosé Fernández, con DNI [REDACTED], Presidente da Fundación Gonzalo López Abente con CIF G70281605 e enderezo en Rúa Virxe da Barca, 47, 15124 Muxía, actuando en representación da mesma.

Ambas partes se recoñecen mutuamente capacidade para obrigarse na representación que ostentan e, polo tanto, para o outorgamento do presente convenio de colaboración e

### MANIFESTAN

1º Que o Concello de Muxía ten, como Administración pública, dentro dos seus obxectivos a conservación e promoción da cultura e tradicións populares.

2º Que o Concello de Muxía tamén ten coma un dos seus principais obxectivos fomentar o asociacionismo e toda actividade que redunde en beneficio da calidade de vida da veciñanza así como das condicións de traballo da nosa poboación.

3º Que a Fundación Gonzalo López Abente é unha fundación sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins o desenvolvemento de actividades para dar a coñecer a obra de Gonzalo López Abente e descubrir a realidade histórica do Concello de Muxía e da Costa da Morte.

4º Que as axudas económicas e subvencións forman parte da actividade de fomento que a Administración Local pode facer coa finalidade de promover e apoiar actividades de interese público que cooperen satisfacción das necesidades e intereses da comunidade veciñal.

5º Que dada a coincidencia en finalidades de Concello e Asociación, subscríbese o presente convenio de colaboración con arranxo ás seguintes:



# CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: [www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

## CLÁUSULAS

**Primeira.-** O presente convenio formalízase co obxecto da realización de diversas actividades celebradas durante o ano 2025 (roteiros e excursións), a apertura do centro de interpretación Gonzalo López Abente, para a recuperación da páxina web da Fundación, e para a publicación dunha novela curta titulada Buserana de Gonzalo López Abente, conmemorando o seu centenario.

**Segunda.-** A Asociación comprométese a dar publicidade á colaboración do Concello de Muxía en cartelería, folletos, e publicidade en xeral editados con ocasión do desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio. Na publicidade deberá figurar o logotipo de identificación do Concello.

**Terceira.-** A Asociación obrígase ademais a:

- a) A Asociación debe destinar integramente a axuda á finalidade para a que é concedida.
- b) Acreditar mediante certificación da Secretaría da Asociación, co Vº e Prace da Presidencia a existencia o non doutras axudas para a finalidade subvencionada no Convenio.
- c) Nomear un responsable que actuará como interlocutor válido cos servizos municipais.
- d) Asistir a cantas reunións sexan convocadas polo Concello de Muxía facilitando todo tipo de información relativa á actividade que lle sexa requirida por estes.

**Cuarta.-** O Concello aportará á Asociación a cantidade máxima de 4.500 €, como axuda dirixida á promoción e desenvolvemento de actividades socioculturais, entre elas a excursión á Casa-Museo de Rosalía de Castro, o roteiro abentiniano por Muxía, o roteiro da noveliña Buserana ou a celebración das Letras Galegas. Tamén para a apertura do centro de interpretación Gonzalo López Abente e para a publicación da noveliña curta Buserana de Gonzalo López Abente en versión galego actual e traducida ao castelán e ao inglés, así como para a necesidade da recuperación da páxina web da Fundación López Abente.

Antes de efectuar tal pago, o Concello de Muxía comprobará que a Asociación non ten subvencións pendentes de xustificar ante o Concello nin débedas pendentes co mesmo. Dito pago realizarase mediante transferencia bancaria á conta da que a Asociación acredite ser titular.



## CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: [www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

**Quinta.-** A xustificación dos gastos realizarase mediante a presentación da seguinte documentación:

- Memoria xustificativa das actividades realizadas.
- Orzamento de gastos e ingresos, segundo modelo que figura no Anexo I.
- Certificación do secretario/a da entidade co visto e prace do presidente/a que acredite o cumprimento das actividades realizadas e as subvencións obtidas doutros organismos ou entidades para os mesmos conceptos. En caso de que o importe total dos ingresos obtidos sexa superior ao gasto realizado, o Concello de Muxía reducirá a subvención a outorgar, de xeito tal que o importe total de todos os ingresos obtidos non sexa superior aos gastos realizados. O modelo de certificación figura no Anexo II.
- Facturas orixinais dos gastos. As facturas presentadas deberán axustarse á normativa vixente. As facturas que se presenten deberán axustarse ás actividades para as que se solicitaba a subvención, e que deberán constar en todo caso na memoria descritiva da actividade. No caso de pago de minutas a profesionais, acreditarase ademais o ter practicado a oportuna retención por IRPF. Unha vez presentadas as facturas serán cuñadas para indicar que son utilizadas para a xustificación deste convenio, compulsaranse e as orixinais serán devoltas á Asociación.
- Certificación bancaria da conta corrente na que desexe a asociación que se lle ingrese o importe da subvención.
- Certificados de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria, coa Xunta de Galicia e coa facenda municipal, e de que non está incurso en causa algunha de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

**Sexta.-** Son gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido no presente convenio. A estes efectos só se poderán subvencionar os seguintes gastos:

- Roteiro abentiniano por Muxía e roteiro da novela Buserana
- Publicación da noveliña Buserana
- Visita á Casa- Museo Rosalía de Castro.
- Recuperación da páxina web da Fundación López Abente
- Apertura do Centro de Interpretación Gonzalo López Abente.



## CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: [www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

**Sétima.-** No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a aportación do Concello, de xeito tal que o importe da subvención entregada polo Concello non superará o importe dos gastos totais xustificados, e tendo tamén en conta a posibilidade de que existan outras subvencións que financien os mesmos gastos, en cuxo caso o importe total da subvención do Concello máis o importe das outras subvencións obtidas non superará o importe total dos gastos xustificados.

**Oitava.-** A Asociación disporá dunha póliza de responsabilidade civil, sendo a tomadora a asociación. Xunto cun seguro de accidentes que garante a atención médica primaria e hospitalaria dos usuarios das actividades da entidade obxecto deste convenio. Tanto a póliza de responsabilidade civil coma a de accidentes, manterán a súa vixencia e actualización económica polo tempo de duración do presente convenio.

**Novena.-** O prazo de vixencia deste convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025, pero en todo caso os gastos presentados como xustificantes da subvención concedida poderán terse realizado durante todo o ano 2025, debendo as facturas ter data de 2025.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, o beneficiario deberá presentar a conta xustificativa antes do día 15 de decembro de 2025.

**Décima.-** O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir.

Corresponderá ao Alcalde-Presidente do Concello de Muxía a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para todo o non previsto neste convenio será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no seu Regulamento.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ao acordado en tódalas cláusulas, estendéndose no lugar e data sinalados.

|                          |                                    |
|--------------------------|------------------------------------|
| Polo Concello de Muxía   | Por a Fundación López Abente.      |
| Asdo./ Javier Sar Romero | Asdo.: Xoán Xosé Fernández Carrera |



# CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 ( A Coruña)

Web: [www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)